
	PROCESO DE ÉTICA	Código:
	CÓDIGO ÉTICO LECTURA FÁCIL	Fecha: 15/01/2020

Código ético de Aceesca

Versión Lectura fácil



INTRODUCCIÓN

O **código ético** é un conxunto de leis ou principios que nos din como debemos actuar.

Para cada principio, Aceesca ten unha lista de normas que debemos cumprir os traballadores e voluntarios coas persoas con discapacidade intelectual.

Estes principios son: intimidade, seguridade, dignidade, autodeterminación e calidade técnica.


Explicaremos estes principios nas seguintes páxinas.

As persoas con diversidade intelectual e as súas familias deben coñecer o código ético.


Todos os traballadores e voluntarios de Aceesca deben coñecer o código ético.


Aceesca ten un comité ético:


O comité ético é un grupo de persoas que se reúnen para discutir sobre que facer cando non se cumpran os dereitos das persoas con diversidade intelectual de Aceesca.


	PROCESO DE ÉTICA	Código:
	CÓDIGO ÉTICO LECTURA FÁCIL	Fecha: 15/01/2020


PARA AS PERSOAS DE ACEESCA


<p>PRINCIPIO 1: INTIMIDADE</p> <p>Respectamos a intimidade das persoas con discapacidade intelectual</p>	
---	---


	<p>Respectamos o dereito á intimidade das persoas con diversidade intelectual.</p> <p>Cos usuarios que necesitan máis axuda nos momentos de hixiene:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Cambia o cueiro 1 persoa. - A persoa que cambia o cueiro ten todo o material preparado, para non deixar só ao usuario. - Cada usuario ten unha ou varias persoas de referencia que son as encargadas da súa hixiene e velar pola súa intimidade. - Cando sexa posible, preguntaremos ao usuario quen quere que lle axude. - Aceesca, como asociación, ofrece recursos para conseguir esta intimidade. <p>Con persoas que non necesitan tanto apoio nos momentos de hixiene:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Ensinamos aos usuarios que deben pechar a porta cando están no váter.
--	--


	PROCESO DE ÉTICA	Código:
	CÓDIGO ÉTICO LECTURA FÁCIL	Fecha: 15/01/2020


	<ul style="list-style-type: none"> - Sempre que imos entrar no váter, avisamos petando na porta ou apagando e prendendo a luz
	<p>Os traballadores respectamos que a información é secreta:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Falamos de datos íntimos dos usuarios nos momentos axeitados, como as reunións. - Pedimos permiso para utilizar a información. - Cumprimos a <u>Ley Oficial de Protección de Datos</u>.


<p>PRINCIPIO 2: SEGURIDADE</p> <p>A nosa forma de actuar fai que non haxa accidentes.</p> <p>Intentamos protexer ás persoas con diversidade intelectual</p>	
--	---


	<p>A Asociación ten <u>documentos</u> que nos din como actuar para garantir a seguridade das persoas con necesidade de apoio:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Como mover ou axudar a moverse aos usuarios con maior necesidade de apoio. - Como colocar as cinchas das cadeiras de rodas. - Como apoiar no momento da comida e hixiene oral aos usuarios con maior necesidade de apoio. - Como evitar que un usuario se faga dano ou faga dano aos demais se está moi nervioso. - Como actuar cando un usuario ten unha convulsión.
---	---



	PROCESO DE ÉTICA	Código:
	CÓDIGO ÉTICO LECTURA FÁCIL	Fecha: 15/01/2020





	<p>Garantimos a seguridade dos usuarios:</p> <ul style="list-style-type: none"> - O lugar onde se desenvolve unha actividade debe ser seguro. - Os materiais que utilizamos deben ser axeitados para cada usuario. - En situacións especiais como saídas ou campionatos, cada persoa ten asignados os usuarios dos que se encarga para reconto, supervisión ou apoio individual. - Os profesionais vixían o estado de saúde xeral dos usuarios. - As persoas que forman Acesca miran que os usuarios teñan unha hixiene axeitada. - As persoas de transporte revisan os cintos e ancoraxes das cadeiras de rodas antes de comezar a súa ruta. - Os condutores circulan a modo polo centro.
---	--


<p>PRINCIPIO 3: AUTODETERMINACIÓN</p> <p>Queremos que as persoas con diversidade intelectual se coñezan a si mesmas.</p> <p>Queremos que as persoas con diversidade intelectual teñan control sobre as cousas que pasan na súa vida.</p>	
---	---

	<p>Traballamos para que as persoas con diversidade intelectual coñezan:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Os seus dereitos e os seus deberes. - As súas emocións e sentimentos. - As cousas que poden facer sos e nas que necesitan apoio. - As cousas que lle interesan. - As cousas que queren conseguir. - As cousas que necesitan.
---	--



	PROCESO DE ÉTICA	Código:
	CÓDIGO ÉTICO LECTURA FÁCIL	Fecha: 15/01/2020


	<p>Traballamos para que as persoas con diversidade intelectual poidan comunicar isto aos demais.</p> <p>Valoramos todas as opinións.</p> <p>Poñémonos de acordo para tomar decisións.</p> <p>Aprendemos a buscar solucións e resolver conflitos.</p> <p>Facemos que as persoas con discapacidade intelectual participen nas actividades onde se toman decisións que lles afectan.</p>
	<p>Damos os apoios necesarios para que as persoas con diversidade intelectual poidan elixir.</p>
	<p>Adaptamos a información a cada persoa con <u>diversidade intelectual</u>, física ou <u>sensorial</u></p> <div style="border: 1px solid black; padding: 5px; margin-top: 10px;"> <p><u>Persoa con discapacidade sensorial:</u> A persoa é cega ou xorda</p> </div>


<p>PRINCIPIO 4: DIGNIDADE</p> <p>Coidamos que cada persoa con diversidade intelectual sexa respectada e valorada coas súas características.</p>	
  	<p>Tratamos aos demais con respecto:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Somos exemplo de bos modais. - Corriximos en privado. - Falamos nun ton de voz axeitado (non berramos). - Tratamos a todos por igual. - Falamos de cada persoa polo seu nome e non por outra característica.


	PROCESO DE ÉTICA	Código:
	CÓDIGO ÉTICO LECTURA FÁCIL	Fecha: 15/01/2020





	<ul style="list-style-type: none"> - Lembramos que as persoas non SON dun determinado xeito e que se COMPORTAN de formas distintas, polo que poden cambiar - Usamos <u>mensaxes positivas</u> á hora de falar de persoas con diversidade intelectual. <div style="border: 1px solid black; padding: 5px; width: fit-content; margin-left: auto;"> <p><u>Mensaxes positivas</u>: falar ben de alguén ou de algo.</p> </div>
--	--


 	<p>Poñémonos no lugar da outra persoa á hora de actuar ou dirixirnos a outra persoa:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Respectamos o ritmo de cada persoa. - Respectamos como se move cada persoa. - Respectamos como ve, como oe, como sinte ou como entende. - Respectamos o estado de ánimo de cada un. - Non utilizamos palabras difíciles. - Usamos frases sinxelas. - Non falamos de xeito infantil cando falamos cunha persoa adulta
--	---

<p>PRINCIPIO 5: CALIDADE TÉCNICA</p> <p>Acesca quere que os seus servizos sexan os mellores.</p>	
---	---

	<p>As actividades de Acesca fan que as persoas con discapacidade intelectual sexan cada vez máis autónomas e fagan as cousas por si mesmos.</p> <p>Os traballadores de Acesca sempre buscamos formas de mellorar.</p> <p>As persoas que formamos Acesca planificamos o traballo</p>
---	---

	PROCESO DE ÉTICA	Código:
	CÓDIGO ÉTICO LECTURA FÁCIL	Fecha: 15/01/2020

	<p>con actividades variadas e atractivas. Programamos actividades adaptadas a cada usuario. Os traballadores de Acesca, as persoas con diversidade intelectual e as familias traballan xuntos para facer as cousas cada día mellor.</p>	
	<p>Os traballadores de Acesca van a cursos para aprender cousas novas ou como facer as cousas mellor. Os traballadores e voluntarios reciben cursos para aprender A maneira de facer as cousas cando comezan a traballar ou para lembralo por parte doutros profesionais de Acesca. Acesca axuda para que os traballadores vaian aos cursos.</p>	
	<p>As persoas que formamos Acesca denunciaremos actitudes de abuso ou <u>neglixencia</u>. Os profesionais buscan e piden á dirección os recursos necesarios para levar a cabo os plans individuais de cada usuario.</p>	<div style="border: 1px solid black; padding: 5px;"> <p><u>Neglixencia:</u> falta de coidado no que un fai. Non cumprir coa obrigaón.</p> </div>
	<p>As persoas que formamos Acesca facemos <u>autocrítica</u> e informamos ao superior de situacións persoais que fan que baixe a calidade da atención para buscar unha solución.</p>	<div style="border: 1px solid black; padding: 5px;"> <p><u>Autocrítica:</u> mirar en nos mesmos que cousas facemos ben, e cales debemos mellorar</p> </div>
	<p>Todos os profesionais reflexan na súa forma de traballar respecto e <u>solidariedade</u> de cara ás persoas con diversidade intelectual.</p> <p>Tratamos igual a todas as persoas con diversidade intelectual</p>	<div style="border: 1px solid black; padding: 5px;"> <p><u>Solidariedade:</u> sentimento de unidade baseado en metas ou intereses comúns</p> </div>

	PROCESO DE ÉTICA	Código:
	CÓDIGO ÉTICO LECTURA FÁCIL	Fecha: 15/01/2020

	sen facer diferencias polo simpáticos que sexan, quen sexa a súa familia ou os cartos dos que dispoñen.
--	---


PARA AS FAMILIAS DE ACEESCA


Cada familia de unha persoa con diversidade intelectual precisa axuda de Aceesca, doutras familias e da sociedade. Aceesca defende e apoia a cada familia que forma a asociación.

Diversidade familiar:
hai moitos tipos de familia


Aceesca respecta e ten en conta a diversidade familiar que existe en cada fogar.

Cada familia de Aceesca é diferente e todas teñen a mesma importancia.


<p>PRINCIPIO 1: IGUALDADE</p> <p>Cada familia de unha persoa con discapacidade intelectual ten as mesmas necesidades, dereitos e deberes que calquera outra familia</p>	
	As persoas de Aceesca teñen con cada familia unha relación de calidade, de comprensión e de confianza. As persoas de Aceesca ofrecen un bo trato e non discriminan a ningunha familia.
	As persoas de Aceesca axudan a que cada familia se relacione con outras familias e se axuden.
	As persoas de Aceesca defenden os dereitos de cada familia para que non se sinta discriminada


	PROCESO DE ÉTICA	Código:
	CÓDIGO ÉTICO LECTURA FÁCIL	Fecha: 15/01/2020


	<p>na sociedade por ten un familiar con discapacidade intelectual.</p>
	<p>As persoas de Aceesca ofrecen formación a cada familia para que desenvolva as súas capacidades.</p>
	<p>As persoas de Aceesca ofrecen ou buscan apoios ou recursos para que cada familia non teña moita carga de traballo. Cos apoios, cada familia mellora a súa calidade de vida.</p>
	<p>Os órganos de decisión son a Xunta Directiva, Asemblea de Socios, Comité Ético, APA, Consello Escolar... As familias están representadas nos órganos de decisión de Aceesca. Aceesca apoia que as familias estean representadas. En Aceesca pode participar calquera familia nos órganos de decisión.</p>
	<p>En Aceesca cada familia é igual de importante. En Aceesca ningunha familia ten privilexios. En Aceesca cada familia ten as mesmas oportunidades. Aceesca presta máis atención a familias máis desfavorecidas ou con maiores problemas.</p>
	<p>As persoas de Aceesca respectan as diferencias sociais e culturais de cada familia.</p>


	PROCESO DE ÉTICA	Código:
	CÓDIGO ÉTICO LECTURA FÁCIL	Fecha: 15/01/2020

	As persoas de Acesca denuncian situacións inxustas no ámbito familiar.
--	--

PRINCIPIO 2: INCLUSIÓN	
A familia das persoas con diversidade intelectual teñen dereito a participar na sociedade nas mesmas condicións que outras familias	
	As persoas de Acesca fomentan a autoestima e autodeterminación de cada familia para facilitar a inclusión.
	As persoas de Acesca reivindicamos que as institucións sociais e políticas valoren ás familias de persoas con diversidade intelectual.
	As persoas de Acesca apoian as reclamacións de cada familia.
	As persoas de Acesca apoian de forma individual a cada familia para integrarse na sociedade.
	As persoas de Acesca axudan a cada familia a aceptar á persoa con diversidade intelectual dentro do ámbito familiar, coas súas limitacións e capacidades.

	PROCESO DE ÉTICA	Código:
	CÓDIGO ÉTICO LECTURA FÁCIL	Fecha: 15/01/2020

OBRIGAS DA FAMILIA EN Acesca	
A familia da persoa con diversidade intelectual tamén ten obrigas en Acesca	
	A familia loita pola igualdade como familia dentro da sociedade
	A familia respecta as diferencias doutras familias. A familia evita a discriminación a outras familias. As familias procuran axudarse entre si.
	A familia acepta á persoa con diversidade intelectual dentro do ámbito familiar, coas súas limitacións e potencialidades
	A familia ten coa persoa con diversidade intelectual unha relación e actitudes de respecto e igualdade. A familia educa á persoa con diversidade intelectual nos valores de respecto e igualdade.
	A familia axuda á persoa con diversidade intelectual a conseguir autonomía e liberdade
	A familia axuda á persoa con diversidade intelectual a exercer a súa autodeterminación en cada ocasión que é posible.
	A familia axuda á persoa con diversidade intelectual

	PROCESO DE ÉTICA	Código:
	CÓDIGO ÉTICO LECTURA FÁCIL	Fecha: 15/01/2020

	a desenvolverse na sociedade e apoia a súa inclusión.
	A familia ten a obriga de coñecer como a persoa con diversidade intelectual pode integrarse na sociedade.
	A familia ensina á persoa con diversidade intelectual as súas obrigas.
	A familia defende e reclama os dereitos da persoa con discapacidade intelectual, como cliente da entidade e membro da sociedade.
	A familia valora a calidade dos servicios de Aceesca e o traballo das persoas.
	A familia apoia as actividades destinadas ás familias organizadas por Aceesca.